

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE CASTRO DE ARMEA, ALLARIZ (OURENSE).

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para a realización dunha actuación arqueolóxica de investigación e documentación do xacemento arqueolóxico de Castro de Armea, Allariz (Ourense), campaña 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial asinado se fundamentan no seguinte:

O Castro da Cibdá de Armea, sitúase no lugar de Armea, na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, no concello ourensá de Allariz. Trátase dun xacemento castrexo romanizado, xa que na súa ladeira se conservan restos dunha posible vila, con urbanismo de época romana e vivendas tipo "domus". Preto do castro se atopa a basílica inconclusa denominada da Asunción, en cuxo interior se atopa o monumento con forno denominado "Forno da Santa", e tamén nesta área foi escavado o xacemento romano de Monte Señorío, formando todos eles un conxunto de gran valor arqueolóxico.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben





de interese cultural, en base ao Decreto 1281/1963, do 16 de maio (BOE núm. 131, do 01.06.1963) polo que se declarou conxunto monumento histórico-artístico á basílica da Asunción, coñecida coma "Forno da Santa" e ao Castro de Armea.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio detallado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

